

- DOLADO, J.J.; BENTOLILA, S. (1992): *Who are the Insiders? Wage Setting in Spanish Manufacturing Firms*. (Documento de Trabajo, 9299). Banco de España, Servicio de Estudios.
- DRAPER, M. (1993): "Indiciación salarial y empleo: un análisis desagregado para el caso español", *Moneda y Crédito*, 197.
- FERNÁNDEZ, M.; MONTUENGA, V.M. (1997): "Salario y productividad sectorial: ¿existe evidencia de un comportamiento dual?", *Cuadernos Económicos del ICE*, núm. 63, pp. 79-103.
- GARCÍA, S.; GOERLICH, F.J.; ORTS, V. (1994): "Macromagnitudes básicas a nivel sectorial de la industria española: series históricas", *Economía Industrial*, 299, pp. 213-245.
- GOERLICH, F.J. (1995): "Macromagnitudes adicionales a nivel sectorial para la economía española: series históricas", *Quaderns de Treball*, núm. 5, (nova època). Universitat de Valencia, Facultat de Ciències Econòmiques i Empresariales.
- ZELLNER (1972): "An Efficient Method of Estimating Seemingly Unrelated Regressions, and Tests for Aggregation Bias", *Journal of the American Statistical Association*, 57, pp. 348-368.

A AVALIACIÓN DE NEGOCIOS EN CUBA

MANUEL CASTRO TATO
Departamento de Marketing
Facultade de Economía
Universidade da Habana

Recibido: 11 marzo 1999

Aceptado: 10 maio 1999

INTRODUCCIÓN

O presente traballo ten como obxectivo central realizar unha análise xeral da forma máis resumida posible das principais cuestións de carácter económico que cómpre ter en conta para a presentación e avaliación de novos negocios en Cuba, coa participación do investimento estranxeiro.

ANTECEDENTES XERAIS

En 1982 o Goberno cubano aprobou o Decreto-lei 50, que autorizaba o investimento estranxeiro directo (IED). Sen embargo, ata 1988 non se autorizou oficialmente a creación dunha empresa mixta (*joint ventures*) na rama turística, integrada con participación de capital español e cubano, a cal iniciou as súas operacións en 1990.

Na devandita Lei 50, recollíase explicitamente que o IED no país tería como obxectivo básico contribuír a incrementa-las exportacións e introducir tecnoloxías modernas en ramas seleccionadas da economía nacional, que na práctica foron preferentemente na minería, no turismo, na industria e no transporte. Ademais, nesa Lei establecíase que todo o investimento estranxeiro tiña que estar asociado a unha empresa cubana e que a participación de capital estranxeiro non podía exceder do 49% do capital social.

Na propia Lei 50 formulábanse dúas formas ou vías fundamentais para a participación do investimento estranxeiro no país que, en síntese, son as seguintes:

- a) Constituír unha nova empresa mixta, con participación dunha empresa cubana e un empresario estranxeiro, que terá a forma dunha sociedade anónima con accións nominativas. Esta nova empresa tería personalidade xurídica propia.
- b) Establecemento dun contrato de asociación económica internacional cunha empresa cubana, que tería como obxectivo producir e/ou comercializar un ou varios produtos, pero sen constituír unha personalidade xurídica propia, e na que cada parte contratante faría a súa contribución de capital pero sen constituír un capital social.

Na práctica, esta forma de participación do investimento estranxeiro no país non tivo ningunha significación ata 1992, cando a economía cubana se atopaba en fase inicial do período especial, no que se aprobaron oficialmente a constitución de 25 novas asociacións con capital estranxeiro que na súa maioría correspondían ós sectores da minería e da industria de procedencia canadense e española. Ata finais de 1991 só se constituíron 14 novas asociacións con capital estranxeiro.

Táboa 1.- O investimento estranxeiro en Cuba en 1997 polos principais países de procedencia

Países	1988	1989	1990	1991	1992	1993	1994	1995	1996	1997	Total
España	1	—	—	2	5	7	10	14	12	13	64
Canadá	—	—	—	1	8	6	20	7	9	8	59
Italia	—	—	—	—	1	5	4	8	5	16	39
Inglaterra	—	—	—	—	—	1	4	2	5	5	17
Francia	—	—	—	—	3	6	—	3	2	2	16
México	—	—	—	3	1	1	4	2	1	1	13
Venezuela	—	—	—	1	—	3	6	2	—	1	13
Holanda	—	—	—	2	2	2	1	2	—	1	10
De 37 países	—	1	—	3	5	9	15	11	20	22	86
Total	1	1	0	12	25	40	64	51	54	69	317

FONTE: Banco Central de Cuba (1998).

En setembro de 1995 aprobouse a Lei 77 sobre o investimento estranxeiro en substitución da Lei 50 do 1982. Esta nova lei ampliou o espectro económico en canto ás áreas de participación, ratificándose tamén outros aspectos, entre os que destacan os seguintes:

- Amplíase a posibilidade de participación do capital estranxeiro ata o 100% do investimento total e, xa que logo, das ganancias.
- Autorízase a posibilidade de participación do investimento estranxeiro nos bens inmóviles.
- Amplíase a posibilidade do investimento estranxeiro a tódalas ramas da economía agás a das forzas armadas, así como na saúde pública e na educación para a poboación cubana.
- Autorízase a creación de zonas francas e parques industriais, polo que se crearon ata a data as zonas de Berroa e de Wajay na Cidade da Habana e outra no porto de Mariel, a 58 km da capital; ademais estanse estudando outras posibles zonas francas en portos do interior do país.
- Garántese que os investimentos estranxeiros non poderán ser expropiados agás por motivos de utilidade pública ou social, caso no que se deberá indemnizar previamente en moeda libremente convertible polo seu valor comercial.
- O investidor estranxeiro pode en calquera momento vende-la súa participación logo dun acordo das partes.
- Ratifícase que o imposto sobre utilidades netas será dun 30% anual, agás naquelas entidades que exploten os recursos naturais do país, ás que se lles pode au-

menta-lo imposto ata un 50% anual, logo dunha decisión do Comité Executivo do Consello de Ministros.

- O único imposto que se establece para as empresas de capital mixto é o do 25% sobre a totalidade dos salarios pagados ó persoal cubano, pero sen incluí-los salarios pagados ó persoal estranxeiro.
- Exonérase do pagamento do imposto sobre as utilidades netas cando estas se invistan no país.
- Todo o persoal cubano e estranxeiro que resida permanente en Cuba e que pase a traballar nunha empresa mixta ou totalmente estranxeira é proposto por unha entidade cubana, empregadora do sector, que é a que contrata e asegura o persoal idóneo para cada cargo ou función na nova empresa.

Cómpre sinalar que, a pesar da recrudescencia do bloqueo económico a Cuba como resultado da aprobación da Lei Helms Burton no 1996, o número de asociacións económicas con capital estranxeiro incrementouse anualmente, ascendendo a finais do 1998 a 351 asociacións con investidor e a 45 países, sendo España —con 64— o país que ten o maior número. En total estimouse en 2500 millóns de dólares o total do investimento estranxeiro en Cuba.

AS CARACTERÍSTICAS E O PAPEL DO INVESTIMENTO ESTRANXEIRO EN CUBA

É coñecido que historicamente Cuba foi un grande exportador de azucre e tabaco, e nos últimos anos tamén de níquel e algúns produtos pesqueiros e mariscos. Estes produtos representaron máis do 90% do valor das exportacións cubanas, pero todos eles caracterízanse por ter un baixo nivel de industrialización e, polo tanto, xeran menos valor agregado ca outros bens que son producidos con materias primas e manufacturados totalmente no país como, por exemplo, algúns produtos farmacéuticos, o ron ou o tabaco (puros), que se están exportando anualmente.

Aínda que a industria nacional fabrica outros produtos que son manufacturados totalmente no país con materias primas nacionais de calidade a nivel internacional, non poden ser exportados porque non compiten en presentación, en variedade e en prezo con produtos similares fabricados nos países desenvolvidos, debido fundamentalmente a que os produtos cubanos son custosos e producidos con tecnoloxías atrasadas ou obsoletas.

Por outro lado, a imperiosa necesidade que o país ten de moderniza-la industria nacional, unida ás poucas posibilidades que ten Cuba de conseguir financiamento externo con baixos xuros na banca internacional debido ás presións polo bloqueo económico, influíu en que se presente o investimento estranxeiro directo coma un dos obxectivos prioritarios, debido á necesidade que o país ten de adquirir tecnoloxía moderna de produción e administración, de incrementa-las exportacións e a substitución de importacións, de contribuír a incrementa-lo emprego, de producir produtos de alta calidade que sexan competitivos no eido internacional e de coaduxar a eleva-la produtividade nacional e a eficiencia económica empresarial.

Co investimento estranxeiro aspírase tamén a contribuír ó crecemento económico do país e ó crecemento da produción e dos servizos nos sectores prioritarios como o turismo, a minería, a industria e o transporte, pero sen afecta-lo medio natural e garantindo o uso racional dos recursos naturais así como de respecto á independencia e soberanía do país.

PRINCIPAIS TRAZOS ORGANIZATIVOS DO INVESTIMENTO ESTRANXEIRO EN CUBA

As modalidades organizativas que están aprobadas para a participación do investimento estranxeiro na economía cubana son, en esencia, as seguintes:

♦ **EMPRESAS DE CAPITAL MIXTO:** esta forma organizativa é unha das máis importantes en Cuba pola contía do capital investido, sendo os seus trazos esenciais os seguintes:

- É unha persoa xurídica distinta á das partes que a constitúen.
- É unha compañía mercantil que adopta a forma de sociedade anónima por accións nominativas.
- É unha entidade mercantil cubana na que poden participar un ou máis investidores estranxeiros e un ou máis investidores cubanos.
- As proporcións do capital social poden variar en cada empresa entre o investidor estranxeiro e o investidor cubano.
- O Estado cubano garántelle ó investidor estranxeiro a libre transferencia ó exterior das utilidades e dividendos sen pagamento de impostos.
- Creada por escritura pública, désígnase o persoal de dirección e administración de mutuo acordo entre os socios, aínda que en Cuba normalmente o xerente xeral é proposto pola parte estranxeira.
- Unha vez constituída unha empresa mixta, só pode cambiar de socios por acordo mutuo.
- As empresas mixtas poden exportar e importar directamente para a súa actividade.

♦ **CONTRATO DE ASOCIACIÓN ECONÓMICA INTERNACIONAL:** esta forma organizativa ten como trazos máis relevantes os seguintes:

- Non implica unha entidade xurídica distinta á dos contratantes.
- Pode constituírse para calquera actividade productiva.
- Cada parte pode facer contribucións distintas, pero sen constituír un capital social.
- A parte que realiza algunha xestión é a responsable ante terceiros.
- Aprobado un contrato de asociación non poden cambia-las partes sen a autorización da outra parte e da autoridade que aprobou a asociación.

• Os contratos de asociación económica internacional poden adoptar varias formas organizativas, entre as que destacan pola cantidade de contratos autorizados as seguintes:

- a) **Administración e comercialización:** esta forma organizativa caracterízase porque a parte estranxeira fornece xeralmente o capital de traballo, a tecnoloxía de produción, a administración e comercialización, así como un segmento do mercado externo, e garante o funcionamento externo e, ás veces, proporciona o equipamento. A parte cubana proporciona xeralmente o usufructo do terreo, as edificacións, un segmento do mercado externo e/ou do mercado interno e en fronteiras, así como a forza de traballo especializada.
- b) **De cooperación ou de participación:** este tipo de asociación económica caracterízase porque a parte estranxeira proporciona xeralmente a tecnoloxía de produción e unha parte do capital de traballo e garante o financiamento dos equipos, mentres que a parte cubana achega as demais instalacións, as edificacións, o usufructo dos terreos, unha parte ou a maioría dos insumos para a produción cooperada, unha parte do capital de traballo e do mercado, así como a forza de traballo especializada.

En esencia, os contratos de cooperación económica internacional son un convenio entre un empresario estranxeiro e unha empresa cubana, aínda que hai varias variantes ou modalidades de contratos de cooperación na economía cubana.

♦ **A EMPRESA DE CAPITAL TOTALMENTE ESTRANXEIRO:** este tipo de empresa aumentou en número na economía cubana nos últimos anos, estando concentrada a maioría en entidades de representación mercantil e as outras localizadas nas zonas francas da cidade da Habana. Caracterízanse basicamente porque o seu capital social é totalmente estranxeiro, porque a maioría das empresas utilizan pouco persoal e porque unha parte destas empresas son representantes de filiais de empresas estranxeiras.

OUTRAS CARACTERÍSTICAS XERAIS

Entre os trazos máis importantes do investimento estranxeiro en Cuba destacan os seguintes:

- A gran maioría dos investimentos estranxeiros en Cuba que se atopan fóra das áreas das zonas francas están asociados a empresas cubanas, sendo o nivel de salarios similar ó existente noutros países da área de competencia no Caribe.
- O Estado cubano a finais de 1998 asinou acordos de protección e promoción recíproca de investimentos con 33 países. Así mesmo, o Estado cubano respecta a propiedade das patentes e de todo tipo de propiedade intelectual.
- A aprobación para constituír unha empresa mixta en Cuba faise xeralmente por un longo período de tempo e pode prorrogarse por outro período similar.

- Tódalas entidades con capital estranxeiro que operan en Cuba realizan tódalas súas operacións en divisas convertibles (USD), tanto os cobramentos como tódolos pagamentos.

SOBRE AS POSIBILIDADES DO INVESTIMENTO ESTRANXEIRO EN CUBA

As posibilidades de obter bos rendementos polo investimento estranxeiro en Cuba, tanto no curto coma no medio e longo prazo, descansa nun conxunto de factores positivos que superan ós negativos, tanto no plano interno coma no externo.

A continuación expóñense os principais factores positivos que coadxuvan directa e indirectamente a garantirlle os rendementos económicos ó capital investido. En resumo, os principais factores positivos son os seguintes:

- Os ingresos en divisas xerados polo turismo internacional tenden a incrementarse constantemente debido á estabilidade política e social do país.
- As boas características climáticas e da natureza así como da poboación cubana.
- O incremento constante da produtividade do traballo e da diminución do custo por unidade producida.
- O aumento constante da produción industrial e das construcións.
- Os pequenos crecementos do PIB per cápita durante algúns anos do período 1994-1998, pero constantes dende 1994.
- A existencia dunha forza de traballo cun bo nivel de cualificación.
- A existencia dunha boa infraestrutura técnico-económica de estradas, aeroportos e portos, así como enerxía eléctrica, acueductos, instalacións telefónicas, etc.

Entre as limitacións ou factores negativos que conspiran en contra do incremento dos investimentos estranxeiros no país, atopámo-los seguintes:

- A recrudescencia do bloqueo económico a Cuba pola Administración norteamericana, que aínda que tende a diminuír o fai moi de vagar.
- O proceso de análise e aprobación das propostas de investimento aínda é lento.
- O insuficiente desenvolvemento dos mecanismos de xestión financeira e dalgúns servizos no país.
- O outorgamento de condicións moi competitivas para investimento estranxeiro por outros países da área do Caribe.
- A existencia dalgúns problemas administrativos coa contratación do persoal cubano.

Como se pode constatar, o saldo é moi favorable cando se fai a comparación dos factores positivos cós negativos en canto a que o investimento estranxeiro en Cuba siga incrementándose e tendo bos rendementos. Sen embargo, cómpre sinalar que o proceso de apertura ó investimento estranxeiro en Cuba non implica un proceso de privatización empresarial na economía socialista cubana.

FUNDAMENTOS DAS PROPOSTAS DE INVESTIMENTO ESTRANXEIRO EN CUBA

Nestes momentos toda nova proposta de investimento estranxeiro na economía cubana debe ser elevada ó Ministerio para la Inversión Extranjera y la Colaboración Económica (MINVEC) a través dun organismo estatal cunha actividade económica que corresponda directamente coa actividade da nova proposta de investimento. Isto quere dicir que un empresario estranxeiro non lle pode presentar directamente ó MINVEC ningunha proposta de investimento sen a valoración previa da entidade cubana que lle corresponda, de acordo coa actividade económica da proposta de investimento.

Cada nova proposta ou solicitude de investimento estranxeiro que se lle presente ó MINVEC para a súa aprobación polo Goberno cubano debe estar acompañada de varios documentos, entre os que destaca pola súa importancia na decisión final o estudio de fundamentación técnica, económica e financeira, que debe conter, entre outros aspectos, os seguintes:

- a) A caracterización do socio estranxeiro en canto ó seu coñecemento e experiencia nos negocios nos países onde desenvolve as súas actividades económicas principais, así como o deber de acreditar a súa solvencia económica e moral polas autoridades competentes do seu país.
- b) As características xerais do tipo de asociación ou entidade que pretende crear en Cuba, así como a participación económica no capital social da futura entidade, sinalando especialmente a contribución da tecnoloxía, de mercado e a participación financeira pola parte estranxeira e pola cubana se é unha asociación económica (*joint ventures*).
- c) O estudio da viabilidade económica e financeira do investimento total.

En canto ó estudio de viabilidade que se require, en realidade caracterízase por ser un estudio típico internacionalmente, no se propón poñer unha maior énfase no estudio de mercado e na proxección da demanda e dos prezos, tanto internos coma externos, pola súa variedade e polos países seleccionados, así como a proxección anual dos ingresos e dos custos totais anuais polo período de tempo estimado de vida útil económica do investimento.

Por último, o estudio de viabilidade conclúe co cálculo e coa determinación dos indicadores económicos e financeiros de eficiencia dos investimentos productivos, como son os seguintes:

- Valor actual neto (VAN) cunha taxa de desconto na maioría dos casos entre o 12% e o 15% anual.
- Taxa de rendemento do investimento (TIR).
- Período de recuperación ou amortización do investimento.
- Punto de equilibrio.
- Outros índices técnico-económicos, como son a produtividade, o custo por unidade, o consumo de materias primas principais por unidade, etc.

Todos estes índices e indicadores de eficiencia económica dos investimentos para a análise e a fundamentación dos investimentos estranxeiros determínanse en dólares estadounidenses (USD).

BIBLIOGRAFÍA

- BANCO CENTRAL DE CUBA (1998): *Informe económico, 1997*. A Habana.
 CEPAL (1995): *Balance económico preliminar, 1995*. Nova York.
 CEPAL (1998): *Balance económico preliminar, 1998*. Nova York.
 COMITÉ ESTATAL DE COLABORACIÓN ECONÓMICA (1993): *Guía para la elaboración de propuestas de asociaciones económicas. Resolución AN-5*. A Habana.
 CUBA [Decreto lei sobre as asociacións económicas entre entidades cubanas e estranxeiras]. Decreto lei 50 sobre las asociaciones económicas entre entidades cubanas y extranjeras. Gaceta Oficial, (febreiro, 1982). A Habana.
 CUBA [Lei sobre o investimento estranxeiro]. Lei 77 sobre la inversión extranjera. Gaceta Oficial, (setembro, 1995). A Habana.
 FIGUERAS PÉREZ, M.A. (1998): "Efectos de la inversión extranjera directa en el desarrollo económico", *Revista TIPS*, (decembro), pp. 28-32. A Habana.
 ONUDI (1995): *Manual para la preparación de estudios de viabilidad industrial*. Viena.

¿CAL É O CARÁCTER CÍCLICO DOS PREZOS? EVIDENCIA PARA A ECONOMÍA GALEGA

EDUARDO L. GIMÉNEZ FERNÁNDEZ* / JOSÉ MARÍA MARTÍN MORENO*
 GERMÁN ROJAS ARREDONDO**¹

*Departamento de Fundamentos da Análise Económica
 Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
 Universidade de Vigo

**Instituto Tecnolóxico Autónomo de México

Recibido: 6 maio 1999

Aceptado: 16 decembro 1999

INTRODUCCIÓN

É común que nas nosas argumentacións teóricas apelemos a feitos empíricos. En realidade esta debería se-la práctica científica. Os nosos modelos deberían basearse e retroalimentarse de feitos empíricos. Esta interacción entre teoría e realidade, ou entre implicacións dos nosos modelos e feitos estilizados, debería se-lo *leitmotiv*. Pola contra, deixar que as teorías sigan vivas sen ter dado mostra ningunha de proximidade coa realidade revela debilidade intelectual pola nosa parte.

Unha das crenzas teóricas máis comúns en economía é a prociclicidade dos prezos. Isto débese a que unha gran parte dos modelos teóricos en economía dinos que os incrementos na produción teñen como consecuencia un tirón na demanda e, polo tanto, un incremento nos prezos. A crenza está tan estendida que os libros de texto básicos de economía dedican capítulos completos a dar explicacións sobre este feito. Obras clásicas como Dornbusch e Fischer (1991)², Lipsey (1968)³, Hall

¹ Agradecemoslle a Carlos de Miguel e a un avaliador anónimo os seus comentarios. Tamén queremos agradecer-lle a axuda financeira da CICYT (SEC99-1094).

² "Las políticas expansivas de demanda agregada tienden a generar inflación, a no ser que se adopten cuando la economía tiene altos niveles de desempleo. Los períodos prolongados de baja demanda agregada tienden a reducir la tasa de inflación. [...] La inflación disminuyó [...] como consecuencia de una profunda recesión" (pp. 23-24).

³ "El auge [...] [s]e caracteriza por un alto grado de utilización de la capacidad existente [...] Cada vez resulta más difícil aumentar la producción porque empiezan a dejar de existir ofertas de recursos no utilizados: la producción sólo puede desarrollarse a través de la inversión que aumenta la capacidad. [...] Como la inversión necesita tiempo, los aumentos de la demanda se traducirán más en aumentos de precios que de producción" (p. 802); y "[A] final del período de auge [...] la economía empieza a tener una situación de declive. [...] Supongamos que por una determinada razón la demanda disminuye y, en consecuencia, también lo hacen la producción y el empleo. Debido a que el empleo disminuye, también lo harán las rentas de las economías domésticas; la reducción de las rentas es el origen de posteriores caídas de la demanda, lo que hace que cada día empiecen más empresas a tener dificultades. Los precios y los beneficios disminuyen" (p. 802).